



CONSELLERÍA DE SANIDADE

Anteproxecto de ORDE do ... de ... de ..., pola que se habilita a determinados colectivos da Consellería de Sanidade para o emprego do certificado dixital de pseudónimo na Administración autonómica galega.

A Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece no seu artigo 71 a obrigaón da Administración de dotar ao seu persoal dos mecanismos de identificación e firma electrónica necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.

Doutra banda, o artigo 73 contempla a posibilidade de emisión de certificados dixitais de pseudónimo en actuacións administrativas realizadas por medios electrónicos nas que legalmente estea xustificado o anonimato.

A Resolución conxunta do 13 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se regula a emisión do certificado dixital de pseudónimo na Administración autonómica galega, establece o procedemento de emisión e o uso do certificado dixital de pseudónimo para o persoal empregado público, sen prexuízo de habilitación regulamentaria de determinados colectivos para o seu emprego, tal e como se dispón no artigo 73.4 da citada Lei 4/2019, do 17 de xullo.

A Orde do 25 de maio de 2011, reguladora da tarxeta do persoal ao servizo do sector público autonómico de Galicia, establece no seu artigo 3 que dita tarxeta estará provista dun chip criptográfico que permitirá o almacenamento de varios certificados, entre eles, o certificado de persoal ao servizo das administracións públicas.

Con carácter xeral, os certificados de emprego público son nominais, contendo os datos persoais de cada empregado/a. Con todo, existen actuacións administrativas nas que legalmente está xustificado o anonimato, sendo necesario expedir un certificado de pseudónimo no que se obvian os datos persoais, que son substituídos por un número de identificación profesional tal e como se contempla na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Orde do 7 de decembro de 2012 pola que se regula a tarxeta de acreditación especial de empregados públicos do sector público autonómico, establece no seu artigo 4 as características da tarxeta de acreditación especial non nominativa, no suposto de empregados públicos que exerzan funcións de inspección e control.





No ámbito competencial da Consellería de Sanidade, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, modificada pola Lei 1/2018, do 2 de abril, considera no seu artigo 33 que, no desempeño das súas funcións, o persoal que leve a cabo funcións de inspección terá a consideración de autoridade sanitaria.

Por todo iso, e a efectos de garantir o adecuado desenvolvemento das súas funcións, resulta necesario habilitar ao persoal desta consellería que desempeña funcións de inspección, do uso dun certificado electrónico de pseudónimo.

Esta orde tramitouse de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sendo obxecto de publicación no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia.

Finalmente, en aras da mellora da calidade normativa, esta administración actuou de conformidade cos principios de boa regulación, singularmente, os de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade, eficacia e eficiencia recollidos no artigo 37.1 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, así como no artigo 129 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Na súa virtude, de conformidade co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e o artigo 73.4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia,

DISPOÑO

Artigo 1. *Obxecto*

A presente orde ten por obxecto habilitar a determinados colectivos de empregados públicos da Consellería de Sanidade para o emprego do certificado dixital de pseudónimo previsto no artigo 73.4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

Esta orde será de aplicación aos seguintes colectivos de empregados públicos, os cales quedan habilitados para o uso do certificado dixital de pseudónimo





exclusivamente durante o desempeño de funcións en cuxo exercicio teñan a consideración de autoridade sanitaria.

a) Persoal funcionario pertencente ao corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, escala de veterinarios dos servizos de inspección de saúde pública que desenvolven as súas funcións segundo o disposto no Decreto 200/1991, do 13 de xuño, polo que se reestruturan os servizos veterinarios oficiais, regulados na Lei 17/1989, do 23 de outubro, e defínense as súas funcións.

b) Persoal funcionario pertencente ao corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, clase de farmacéuticos inspectores de saúde pública que desenvolven as súas funcións segundo o o disposto no Decreto 202/2005, do 7 de xullo, polo que se crea a clase de farmacéuticos inspectores de saúde pública.

c) Persoal funcionario pertencente ao corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, clase de Inspectores médicos, clase de Inspectores farmacéuticos e clase de subinspectores sanitarios que desenvolven as súas funcións segundo o disposto no Decreto 53/2014, do 16 de abril, de ordenación da Inspección de Servizos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3. Emisión do certificado dixital de pseudónimo

O certificado dixital de pseudónimo emitirase segundo o establecido na Resolución do 13 de abril de 2020, conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se regula a emisión do certificado dixital de pseudónimo na Administración autonómica galega.

Artigo 4. Uso e custodia do certificado dixital de pseudónimo

1. O certificado dixital de pseudónimo será empregado exclusivamente para asinar os informes, actas ou documentos análogos elaborados no exercicio das funcións nas cales os colectivos sinalados no artigo 2 teñen a consideración de autoridade sanitaria ou no desempeño daqueloutras funcións cando resulte necesario preservar a identidade persoal do empregado/a por concorrer circunstancias ou feitos que aconsellen a adopción desta medida.

2. O persoal empregado público que dispoña de certificado dixital de pseudónimo ten a responsabilidade de custodialo e utilizalo de modo persoal e intransferible para o fin



previsto na norma, conforme ás instrucións e medios facilitados, sen que en ningún caso a Xunta de Galicia responda do uso fraudulento, indebido, incorrecto ou negligente por parte do seu titular.

O mal uso ou o uso do certificado dixital de pseudónimo por persoa distinta ao seu titular dará lugar á responsabilidade disciplinaria, civil ou penal que corresponda.

O cesamento do persoal empregado público na prestación dos servizos para os que foi emitido o certificado supoñerá a obrigaón de cesar no uso do mesmo.

Disposición final única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

